

σBAúl da
TÁTOIA
presenta

TLIN TLONIA

teatro para bebés

As teas voan como o aire, fan ondas como o auga,
queiman como o lume e nos acubillan como a terra

Presentamos un espectáculo para bebés que pretende o estímulo dos sentidos, que viaxa través das sensacións e das emocións.

Tilintilonia é un pequeno planeta habitado por Tilín e Tilón, cada unha co seu son. Elas descubrirán un mundo cheo de texturas, cores e fantásticos seres que xorden coa música e onde o aire e a auga se converten en elementos de xogo.

Visualmente, entramos nun mundo de ensoñación grazas as teas, e ao que estas suxiren. Son teas que voan e forman parte do vento, ondulan coma a auga, queiman coma o lume e nos acubillan coma a terra



Desenvolvemento da actividade

Comezamos a actividade cun espectáculo onde a linguaxe teatral permítenos manter unha comunicación non verbal cos máis cativos.

A través do visual e dos elementos sonoros tentamos captar atención. Logo, a través da identificación dos nenos e nenas coas personaxes da obra levámoos por un camiño onde xorden as emocións.

En diferentes momentos damos a liberdade de movemento polo escenario para que poidan participar na obra e, ao finalizala, convidamos a todos os participantes, pequenos e non tan pequenos, e que compartan o espazo escénico con nós e experimenten cos diferentes materiais por medio do xogo simbólico e sensorial. Deste xeito, o rapaz explora a través dos sentidos e rexistra a diferente información. Tamén lle permite poñer en relación unhas cousas coas outras, crear obxectivos, construír relacións cos demais...



Obxectivos

1. Crear un espazo acolledor no que os nenos e nenas se sintan tranquilos e relaxados
2. Espertar as emocións e as sensacións dos máis pequenos
3. Incentivar a exploración e a experimentación
4. Motivar o movemento corporal e a interacción co espazo



O Baúl da Tía Tola

A compañía nace no ano 2014 en Vigo coa finalidade de achegar a maxia do teatro ó público máis novo. Neste baúl teñen cabida todos aqueles proxectos que promovan a imaxinación, a ilusión, a alegría e a aprendizaxe a través de diversos estímulos sensoriais e do xogo .



Gústanos traballar con diferentes materiais plásticos descubrindo as súas posibilidades escénicas. Nos nosos espectáculos dámoslle protagonismo á creación de ambientes sonoros e imaxes visuais a partir do movemento , da xestualidade e do son.

Quenes somos?

Soraya Paradela



Formouse en interpretación e diversos estilos de danza en diferentes escolas de Madrid e Vigo como A Artística (Vigo) e Ladinamo (Madrid). Traballou como actriz en diferentes espectáculos infantís, como “Aladín perdido na Galiza ”, “Menú Vexetal ” e en diversas obras teatrais como creadora e intérprete. Como docente imparte clases de Improvisación teatral para todas as idades e realiza actividades con cativos (dende visitas guiadas ata seguimento escolar). Actualmente forma parte do equipo artístico de O Baúl da tía Tola.

Anna Cañadillas

Formouse en diferentes estilos e métodos nas escolas Municipal de Vigo e Studis de teatro en Barcelona onde se especializa en teatro xestual. Leva máis de 7 anos coma profesora de nenos en diferentes eidos como o teatro, psicomotricidade en educación infantil e manualidades. Creou diferentes espectáculos infantís a partir da adaptación de contos e o uso de monicreques e obxectos. Formou parte do equipo artístico de “Menú Vexetal”. Actualmente forma parte do equipo Artístico de O Baúl da tía Tola.



EQUIPO ARTÍSTICO

CREACIÓN: Xoana Baz e Anna Cañadillas

DIRECCIÓN: Compañía O Baúl da tía Tola

INTERPRETACIÓN: Soraya Paradela e Anna Cañadillas

VESTIARIO: La Canalla

ESCENOGRAFÍA: Compañía O Baúl da tía Tola

MÚSICA: Claudio Rojas



Datos técnicos



DURACIÓN

- Aprox. 30 minutos



PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO

- De 0 a 100 anos (especialmente de
6 meses a 3 anos)



NECESIDADES TÉCNICAS

- Espazo de escenario 4x4
- Equipo de son
- Posibilidade de colgar un
gancho no teito



ESTRAZALONIA

Espectáculo creado a partir de papel de estraza



1 a 5 anos



LIXO

Espectáculo creado a partir de plástico reciclado



A partir de 2 anos

Traxectoria

Algunhas das nosas paradas:

Auditorios: Santiago de Compostela, Zona C, Xunqueira (Redondela), Moaña, Ponteareas, Tomiño, Foz, Ribira, Ourense...

Ludotecas: La caracola Lola, Trasnós, Littleland , La Flauta Mágica Donde viven los cuentos

Espazos artísticos: A Artística, Café teatro Mimosa, Dinamo Coworking , Sala Ártika e Teatro Aforo (Vigo), Ítaca (Xinzo de Limia), Casa Colorida (Nigrán), Casa da Cultura (Cuntis) e Casa da Cultura (Narón), CSCD As Pedriñas (Mos)

Festivais: Festival Nubebes (Pontevedra), Festival nun Local tres edicións e Festival 85C (Vigo).

Teatro na rúa: Programa “No nadal... Un conto” do Concello de Vigo. Festas de verán en O Porriño

Diversas **Escolas infantís e CEIPs**



OBALDA
TIATOLA

655 05 56 54 (Soraya) / 646 04 53 54 (Anna)

obauldatiatola@gmail.com

obauldatiatola.com

  @obauldatiatola

